

cións necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Revisión de contías.*

As contías das subvencións a unidades familiares establecidas neste real decreto poderán ser revisadas mediante unha orde do ministro do Interior, logo de informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda, para adaptalas á evolución do custo da vida.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de marzo de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
JOSÉ ANTONIO ALONSO SUÁREZ

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

4575 *REAL DECRETO 310/2005, do 18 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 330/2002, do 5 de abril, polo que se concretan determinados aspectos da normativa europea reguladora da axuda á produción do algodón.* («BOE» 67, do 19-3-2005.)

O parágrafo primeiro do artigo 6.1 do Real decreto 330/2002, do 5 de abril, polo que se concretan determinados aspectos da normativa europea reguladora da axuda á produción do algodón, establece unha limitación de carácter básico, para a superficie con dereito a optar á axuda á produción de algodón. Trátase da rotación do cultivo, de maneira que non se poida cultivar algodón na mesma superficie durante dous anos seguidos, aínda que, conforme o artigo 6.2 do real decreto, as comunidades autónomas poden exceptuar da rotación do cultivo as explotacións cuxa superficie total de algodón non supere 10 hectáreas.

Establecida esta limitación no parágrafo primeiro do artigo 6.1, no parágrafo segundo do devandito artigo dispónse que non se poderán establecer outras medidas adicionais de limitación da superficie con dereito a optar á axuda á produción de algodón máis que aquelas que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación estableza, logo de informe das comunidades autónomas e das organizacións profesionais agrarias, sobre a base dalgún dos criterios que se determinan.

A devandita previsión debe ser modificada, en canto que impide que as comunidades autónomas, en exercicio das súas competencias exclusivas en materia de agricultura, de acordo co previsto no artigo 148.1.7.^a da Constitución, poidan establecer medidas adicionais de limitación da superficie con dereito a optar á axuda á produción do algodón tendo en consideración os criterios que se determinan no propio real decreto; por iso, débese modificar o parágrafo segundo do artigo 6.1. Pola súa banda, as competencias estatais concréntanse tanto na necesidade de

que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación emita informe favorable sobre os aspectos que afecten a coordinación da planificación xeral da actividade económica, como no establecemento de criterios determinados no propio artigo 6.

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia estatal sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica recollida no artigo 149.1.13.^a da Constitución. Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como as organizacións máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de marzo de 2005,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 330/2002, do 5 de abril, polo que se concretan determinados aspectos da normativa europea reguladora da axuda á produción de algodón.*

O parágrafo segundo do artigo 6.1 do Real decreto 330/2002, do 5 de abril, polo que se concretan determinados aspectos da normativa europea reguladora da axuda á produción de algodón, queda redactado do seguinte modo:

«Non obstante, as comunidades autónomas poderán establecer, ao abeiro do disposto na normativa comunitaria citada, outras medidas adicionais de limitación da superficie con dereito a optar á axuda á produción de algodón, logo de informe favorable do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, nos aspectos que poidesen afectar as competencias estatais en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, de acordo con algún dos seguintes criterios:

a) A economía agraria das rexións na cal ten importancia a produción de algodón, tendo en especial consideración a identificación daquelas zonas en que tradicionalmente se realizase o devandito cultivo.

b) O estado edafoclimático das superficies en cuestión, a xestión das augas do regadío e as técnicas de cultivo que poidan mellorar o ambiente.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de marzo de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

4576 *REAL DECRETO 311/2005, do 18 de marzo, polo que se establece a normativa básica relativa ao réxime de axudas no sector das forraxes desecadas.* («BOE» 67, do 19-3-2005.)

A normativa comunitaria aplicable ao réxime de axudas ao sector das forraxes desecadas está contida no Regulamento (CE) n.º 1786/2003 do Consello, do 29 de

setembro de 2003, sobre a organización común de mercado das forraxes desecadas, e no Regulamento (CE) n.º 382/2005 da Comisión, do 7 de marzo de 2005, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1786/2003.

Por outra parte, o Regulamento (CE) n.º 1782/2003 crea unha axuda directa aos agricultores produtores de forraxes desecadas que se integrará a partir de 2006-2007 no réxime de pagamento único. Con carácter transitorio, para a campaña 2005-2006, o Regulamento (CE) n.º 382/2005 estableceu que a axuda se canalice a través da industria de transformación.

Sen prexuízo da aplicabilidade directa destes regulamentos, é necesario determinar no ámbito interno a autoridade competente no territorio nacional a que estes aluden.

Dentro da orde constitucional de distribución de competencias, correspóndelle ao Estado o establecemento da normativa básica relativa a estas axudas e ás comunidades autónomas, a lexislación de desenvolvemento e execución, na cal se inclúe a xestión das axudas.

Sobre a base do exposto e dado que o Estado é o responsable ante a Unión Europea do cumprimento da normativa comunitaria que regula estas axudas, especialmente no que respecta á non-superación das cantidades nacionais garantidas, consistentes nunha cantidade determinada de toneladas pola cal se poden percibir axudas, é necesario determinar a información que as comunidades autónomas lle deben subministrar ao Estado en relación coa xestión das axudas, para os efectos de cubrir as exixencias da Unión Europea no seguimento e control destas axudas.

Por outra parte, o Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, polo que se regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación co FEOGA-Garantía, establece que o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) será o organismo de coordinación dos órganos pagadores.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de marzo de 2005,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto determinar os criterios básicos de aplicación en España do réxime de axudas para o sector das forraxes desecadas previstas no Regulamento (CE) n.º 1786/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, sobre a organización común de mercado das forraxes desecadas, e no Regulamento (CE) n.º 382/2005 da Comisión, do 7 de marzo de 2005, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1786/2003.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación e importe da axuda.*

Consonte o disposto no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 1786/2003, concederase unha axuda de 33 euros por tonelada ás forraxes transformadas en territorio español que cumpran as características que se indican no artigo 9 do regulamento citado e no Regulamento (CE) n.º 382/2005. O pagamento desta axuda realizarase consonte o disposto no Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, polo que se regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación co FEOGA-Garantía.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, enténdese por:

- Autoridade competente: o órgano competente da comunidade autónoma en cuxo ámbito territorial se asenten as instalacións das empresas de transformación solicitantes.
- Período transitorio: o período comprendido entre o 1 de abril de 2005 e o 31 de marzo de 2006.
- Produtor de forraxes: a persoa física ou xurídica, ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas, con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, cuxa produción sexa entregada a unha industria autorizada para a súa transformación.
- Moedura: o quebrantamento da estrutura das forraxes desecadas ata reducilas a fariña.

Artigo 4. *Autorización como empresa de transformación ou comprador autorizado.*

1. As autorizacións como empresas de transformación ou compradores de forraxes serán concedidas por cada unha das comunidades autónomas onde radiquen as súas instalacións ou teñan o seu domicilio social, respectivamente, antes do inicio da campaña de comercialización, cando cumpran cos requisitos que establece o capítulo 2 do Regulamento (CE) n.º 382/2005. No caso de deshidratación por calor, disporán dun termógrafo de lectura continua instalado en cada máquina deshidratadora, para verificar a temperatura do aire á entrada do proceso que establece o artigo 2.2.a), primeiro guión, do citado regulamento, así como dos equipamentos de medición necesarios para o control de consumos e tempo de funcionamento na industria transformadora.

2. As comunidades autónomas poderán conceder autorizacións provisionais a empresas de transformación ou compradores de forraxes, durante os dous primeiros meses seguintes ao inicio de campaña.

Artigo 5. *Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas físicas ou xurídicas que, tras seren previamente autorizadas, obteñan e saian do recinto da súa industria as forraxes nas condicións indicadas no artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 1786/2003.

Artigo 6. *Solicitudes de axuda.*

As solicitudes de pagamento das axudas serán dirixidas, polo beneficiario, á autoridade competente e no prazo establecido no artigo 18 do Regulamento (CE) n.º 382/2005, e conterán a información establecida no artigo 19 do citado regulamento.

A presentación das solicitudes poderase facer en calquera das dependencias relacionadas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os contratos de subministración de forraxe formalizados entre a empresa transformadora ou o comprador autorizado cos produtores, as declaracións de superficie que corresponden ás empresas que traballen a súa propia produción e as declaracións de entrega de forraxe que se realizan nos casos en que a empresa se abastece de compradores autorizados débense presentar á autoridade competente cunha anticipación mínima de dous días hábiles á data de entrega da forraxe. Os tres tipos de documentos citados deberanse ter presentado antes do 15 de setembro de cada ano. Malia o anterior, en casos

excepcionais debidamente xustificados poderanse presentar ata o 30 de novembro de cada ano.

Artigo 7. *Asistencia mutua.*

1. Para as expedicións con destino a outras comunidades autónomas, nos casos en que se considere oportuno, a comunidade de orixe comunicarálles ás de destino os datos de cada expedición, para que poidan realizar as correspondentes verificacións e comunicarllo á comunidade autónoma orixinaria.

2. Cando as expedicións de forraxes deshidratadas fosen cara a outros Estados membros, remitíraselle ao FEGA unha mostra representativa desas saídas, elixidas tras a oportuna análise de risco. O FEGA realizará as actuacións que procedan con outros Estados membros, e informará do resultado dos controis á autoridade competente.

3. Se a forraxe desecada ten por destino un país terceiro, a autoridade competente levará a cabo a verificación das operacións; para tales efectos, deberánse solicitar da empresa transformadora os documentos de exportación que amporen as ditas saídas.

Artigo 8. *Obrigas das empresas de transformación.*

1. As empresas de transformación autorizadas presentarán ante a comunidade autónoma que as autorizase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previstos no Regulamento (CE) n.º 382/2005, nos prazos que este establece.

2. Deberanlle comunicar á comunidade autónoma o programa de expedición de forraxe desecada subvencionable que vaia saír da empresa.

3. As forraxes destinadas a deshidratación serán aquelas que cheguen á planta de transformación picadas, non empacadas, con máis do 25 por cento de humidade, cuxo período de retención máximo desde a entrada na planta transformadora ata o seu procesamento sexa inferior a 24 horas, e que procedan de parcelas situadas a unha distancia máxima de 100 quilómetros da planta de transformación correspondente. Se se supera a dita distancia máxima, deberase xustificar a utilización dun transporte adecuado.

Así mesmo, soamente terán dereito á axuda aquelas partidas cuxa humidade media ponderada, no momento da entrada na industria transformadora, sexa polo menos do 30 por cento, medida como máximo cada 10 días.

4. As forraxes destinadas a seren «secadas doutra forma» (SOF) unicamente terán dereito á axuda de se someteren a un proceso de moenda.

Artigo 9. *Controis.*

1. A comunidade autónoma en que se sitúen as parcelas de forraxe para desecación e, se é o caso, en que se realicen as operacións de transformación efectuará, polo menos, os controis administrativos e sobre o terreo descritos no capítulo 5 do Regulamento (CE) n.º 382/2005, nas condicións que nel se establecen. En particular, no que se refire aos controis sobre o terreo establecidos no artigo 25 do citado regulamento, o número mínimo de contratos controlados será do cinco por cento.

2. De conformidade co disposto no capítulo 6 do Regulamento (CE) n.º 382/2005, a comunidade autónoma aplicará, nos casos en que sexa preciso, as reducións e exclusións establecidas nos artigos 29 e 30 do dito regulamento.

3. De conformidade co disposto no artigo 7 do Regulamento (CE) n.º 382/2005, se as empresas de transformación autorizadas ou os compradores autorizados deixan de cumprir algún dos requisitos exixidos nos artigos 5 e 6

do dito regulamento, ou nas disposicións deste real decreto, a comunidade autónoma poderá acordar a suspensión temporal da autorización por un período comprendido entre un e cinco anos, que se determinará en función da gravidade da infracción cometida.

4. Malia o establecido nos puntos anteriores, calquera outra conduta ou actuación que vulnere o disposto na normativa comunitaria ou nacional correspondente penalizarase de acordo co establecido nos artigos 29 e 30 do Regulamento (CE) n.º 382/2005.

Artigo 10. *Remisión de información.*

1. As comunidades autónomas subministraranlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través do FEGA, de acordo co disposto no Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, polo que se regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación co FEOGA-Garantía, a información necesaria para efectuar as comunicacións que establece o artigo 33 do Regulamento (CE) n.º 382/2005.

2. En aplicación do disposto no punto anterior, as comunidades autónomas remitiranlle ao FEGA:

a) No prazo de 10 días, desde que se produza o correspondente acto:

1.º As autorizacións definitivamente concedidas.

2.º As declaracións de suspensión ou extinción das autorizacións das empresas de transformación e de compradores de forraxe con indicación, se é o caso, dos períodos de suspensión.

b) No prazo de 10 días desde a finalización de cada mes, e referida a cada empresa de transformación:

1.º As cantidades de forraxes desecadas para as que se presentasen, durante o mes precedente, solicitudes de axuda, desagregadas en función do mes de saída da «empresa de transformación», así como os importes das axudas que se pagasen no transcurso do dito mes, e as cantidades de forraxes desecadas para as que fose denegada a axuda.

2.º Cantidades de materia prima, para a súa desecación, entradas en fábrica durante o mes precedente referidas ao 12 por cento de humidade, cantidades de produto obtido e cantidades de produto saído.

3.º As porcentaxes medias ponderadas de humidade, observadas nas forraxes para deshidratar que utilízase cada empresa de transformación, durante o mes precedente.

c) Antes do 15 de abril seguinte á finalización da campaña, as cantidades estimadas de forraxes desecadas almacenadas en 31 de marzo dese mesmo ano, desagregadas por produtos.

d) Antes do 15 de abril de 2005, as cantidades de forraxe desecada en cada empresa de transformación en 31 de marzo de 2005, e que se van beneficiar das disposicións do artigo 34 do Regulamento (CE) n.º 382/2005.

e) Antes do 1 de maio de cada ano, a información a que se refiren os artigos 33.1, parágrafo segundo, e 33.2, alíneas d) e e), do Regulamento (CE) n.º 382/2005.

O FEGA, en colaboración coas comunidades autónomas, elaborará, se é o caso, as normas para a remisión da dita información.

O FEGA será o organismo encargado de levar a efecto as comunicacións á Comisión, que establece o artigo 33 do Regulamento (CE) n.º 382/2005, coa excepción da indicada no punto 2.g).

Disposición transitoria única. *Axuda directa da campaña 2005-2006.*

A axuda prevista no artigo 35 do Regulamento (CE) n.º 382/2005, calculada sobre a base das cantidades recoñecidas, pagaráselles ás industrias de transformación, logo de solicitude que deberá ser realizada, como moi tarde, o 15 de abril de 2006, nos 45 días seguintes ao da publicación, no Diario Oficial de la Unión Europea, do saldo previsto no artigo 21 do citado regulamento.

Este pagamento transferiránllo as industrias de transformación aos produtores, en función das cantidades de forraxe entregadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á penalización establecida no segundo parágrafo do artigo 30 do Regulamento (CE) n.º 382/2005.

O FEQA, utilizando os datos subministrados polas comunidades autónomas, calculará o coeficiente redutor que se debe aplicar para o cálculo dos importes que as industrias lles deben transferir aos produtores polas cantidades de forraxes entregadas e referenciadas ao 12 por cento de humidade. Este coeficiente comunicarállo o FEQA ás comunidades autónomas de inmediato tras a publicación que se indica no artigo 21.3 do Regulamento (CE) n.º 382/2005.

As industrias de transformación deberanlle proporcionar á autoridade competente a proba de lles teren transferida aos produtores a axuda establecida no Regulamento (CE) n.º 1782/2003, e aplicada consonte o artigo 35 do Regulamento (CE) n.º 382/2005, como moi tarde, nos 15 días naturais seguintes á data-valor da transferencia realizada.

Esta proba consistirá na presentación dos seguintes documentos:

a) Certificado de pagamento da entidade bancaria da empresa onde debe figurar o nome do beneficiario seguido do seu NIF ou CIF.

b) A cantidade de forraxe entregada, referenciada ao 12 por cento de humidade, e o importe total pagado.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 283/1999, do 22 de febreiro, polo que se establece a normativa básica relativa ao réxime de axudas no sector das forraxes desecadas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica do artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditir, no ámbito das súas atribucións, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento deste real decreto e para modificar, se é o caso, as datas e prazos a que se refire este real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día 1 de abril de 2005.

Dado en Madrid o 18 de marzo de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

4577

REAL DECRETO 313/2005, do 18 de marzo, polo que se modifican o Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares, e o Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, e se derroga o Real decreto 313/1996, do 23 de febreiro, polo que se establecen normas sobre as declaracións complementarias que deben efectuar os compradores de leite e produtos lácteos. («BOE» 67, do 19-3-2005, e «BOE» 69, do 22-3-2005.)

O Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares, modificado polo Real decreto 460/2004, do 18 de marzo, desenvolve a lexislación comunitaria, en particular o Regulamento (CE) n.º 2707/2000 da Comisión, do 11 de decembro de 2000, que establece as modalidades de aplicación do Regulamento (CE) número 1255/1999 do Consello, no relativo á concesión dunha axuda comunitaria para a subministración de leite e de determinados produtos lácteos aos alumnos de centros escolares.

O Regulamento (CE) n.º 816/2004 da Comisión, do 29 de abril de 2004, modificou o Regulamento (CE) n.º 2707/2000 nalgúns aspectos concretos de aplicación da axuda, que pretenden mellorar a súa xestión e garantir a aplicación uniforme da axuda en todo o territorio da Unión Europea. Por iso, é necesario modificar a lexislación nacional para adecuala plenamente ao disposto na lexislación comunitaria de obrigado cumprimento.

A través deste real decreto realízanse algunhas modificacións no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea. A cota láctea é un ben escaso en España e os gandeiros deben pagar altos prezos para accederen a ela. O fondo nacional coordinado de cotas lácteas permite repartir cota a prezos reducidos aos produtores considerados prioritarios polos plans de reestruturación do sector. A cota do fondo provén dos plans de abandono, de forma que a redacción actual do real decreto fai que a cota recuperada nun período de taxa suplementaria non poida ser repartida a través do fondo ata o ano seguinte. Conviría poder realizar esta repartición dunha maneira máis áxil e no menor tempo posible e permitir que a cota liberada polo plan de abandono dun período poida repartirse a través do fondo durante o mesmo período.

Finalmente, para protexer as cantidades da reserva nacional, na consideración de que estas son fundamentais para os plans de reestruturación do sector, abordouse a adaptación de determinados preceptos da anterior normativa, concretamente o artigo 22.5 e todas as referencias a este do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, relativas á perda de natureza de reserva nacional que, transcorridos catro períodos, prevía a dita norma.

Os artigos 7 e 14 do Regulamento (CE) n.º 1788/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establece unha taxa no sector do leite e dos produtos lácteos, recollen con carácter preferente a creación e existencia da reserva nacional de cotas lácteas, e deixan patente que é unha competencia dos Estados membros e que deben empregarse criterios obxectivos na súa xestión.

A reserva nacional é unha ferramenta á disposición dos Estados que lles permite desenvolveren distintas